

DOCUMENTA PRODUCCIÓN EDITORIAL



“Hai que ter unha grande capacidade de traballo, dotes de mando, unha mente lóxica e moito sentido común”

Margarita Paulos Rey

Datos básicos

Actividade:	Maquetación e deseño gráfico
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	1
Inversión inicial	7.815 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado da seguinte forma: - Fondos propios: 5.400 €. - Empréstimo subsidiado: 6.000 €. - Axuda Autónoma: renda subsistencia (3.000 €) e axuda financeira (730 €).
Web:	
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	1998

Descrición do proxecto

Documenta Producción Editorial, ten como misión a oferta de servizos informáticos especializados, de deseño gráfico e maquetación, dirixida a empresas editoriais, axencias de publicidade, de comunicación e outras.



Datos empresa

Claves do éxito

- Unha acción comercial intensiva baseada en visitas persoais e entrega de dossier de traballos, ademais da profesionalidade.
- A constancia á hora de entregar orzamentos é importante xa que os encargos acostuman demorarse varios meses.
- A localización da empresa en Vigo permíteme ofertar os meus servizos nunha zona, Rías Baixas, onde a concentración de empresas editoriais, imprentas e axencias de publicidade é alta.

Situación actual

Sigo sendo profesional autónoma.
Teño clientes regulares e mesmo fixos que prefiren que lles facture todos os meses a mesma cantidade que facerme un contrato.
Non teño vacacións nin pagas extras, e a Seguridade Social págoa eu. Aínda así, as cousas non me van mal, teño moito traballo e estou a comezar a subcontratar parte dese traballo.

Perfil cliente

- Os meus clientes obxectivo son :
- Editoriais e axencias de publicidade da provincia de Pontevedra e do resto de Galicia.
 - Publicacións especializadas e periódicas, que subcontratan o servizo de maquetación. Tal é o caso dun grande número de revistas e boletíns sectoriais, de asociacións, institucións, etc.
 - Particulares que desexen editar un libro ou traballos escritos.



Idea inicial

Durante os últimos 5 anos desenvolvín traballos de maquetación e edición contando coa colaboración fixa dun equipo de profesionais (redactor, fotógrafo, deseñador gráfico, etc.) con experiencia en artes gráficas e turismo verde.

Froito desta colaboración xurdiu a posibilidade de crear unha empresa de comunicación con produtos e servizos editoriais que estivesen orientados ao turismo verde: folletos, guías, libros, etc.

Sen embargo os meus primeiros contactos co mundo editorial permitíronme constatar que tanto en editoriais como en axencias de publicidade existía demanda de servizos profesionais máis que de produtos.

Isto supuxo un reformulamento na estratexia comercial e empresarial, pasando a ofrecer servizos específicos de deseño e maquetación, máis que produtos completos. Ademais as circunstancias profesionais e persoais dos outros posíbeis socios, fixeron aconsellábel a constitución da sociedade de forma unipersoal (autónoma), sen descartar a posibilidade de subcontratar os servizos dos anteriores socios.

Principales dificultades y amenazas futuras

Alguns clientes tenen os seus sistemas informáticos baseados en PCs (Windows), sen embargo a nivel maquetación e deseño profesional trabállase en plataforma MAC (Apple); isto crea certas dificultades á hora de traballar cos textos, debendo nalgúns casos refacer o escrito (caso de gráficos, táboas, etc.)

A resposta dos clientes segue sendo lenta, con ofertas aínda sen responder, polo que teño que seguir realizando a labor comercial de forma persoal.

Non existe unha profesionalización total do sector, o que facilita a existencia dunha competencia desleal.

Perfil promotores

Licenciada en Ciencias Biolóxicas; Especialidade de Zooloxía.

Aptitudes necesarias

A ambición é fundamental, aínda que eu non o son demasiado.

Hai que ter unha grande capacidade de traballo, ter dotes de mando, unha mente lóxica e moito sentido común.



Guía de Actividad

Gabinetes de diseño gráfico (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Saír do desemprego

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Si, o programa LANZA do IGAPE.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

É importante, pero non sempre resulta imprescindible.

Anecdotalio

Como é complicado determinar un orzamento (o traballo cóbrase normalmente por páxina) algúns clientes facilitan o texto manuscrito, polo que é necesario un dobre traballo: picar o texto e corríxilo antes de maquetalo. Nalgúns casos os clientes non valoran este traballo e resulta difícil de cobrar.